

# UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS ORIENTAIS



## SERRA DA FIOSA

O punto máis alto é o Monte da Fiosa, con 1.422 m.  
Accedese desde San Román de Cervantes ou Quindous.



Vista da serra da Fiosa desde Piornedo. No primeiro plano Xantes, na serra do Agulleiro.

## SERRA DO PIORNAL

O monte máis alto é o Carballeda, con 1.392 m.  
Accedese desde As Nogais ou desde Pedrafita.



Torre de Doncos situada nun resalte rochoso rodeado polo río Navia.

## SERRA DO ORIBIO

O monte máis alto é O Oribio (1.447 m).  
Está incluída no espazo natural "Ancares Courel".  
Accedese desde Samos ou Triacastela.



Canón dunha das cabeceiras do río Sarria.

## SERRA DO RAÑADOIRO

O punto máis alto é a Muralla, con 1.480 m.  
Accedese desde Pedrafita (O Cebreiro) ou Triacastela.



Vista xeral do Cebreiro.  
Está situado a nas estribacións da serra do Rañadoiro 1.300 m de altura, entre os montes Pozo de Area (1.394 m) e o Chan da Poza (1.402). É unha zona de transición entre as serras de Ancares e O Courel.



Palloza no Cebreiro.

## MONTES DE LOUZARA

A máxima altura é A Escrita, con 1.460 m.  
Accedese desde Samos, Triacastela ou Seoane do Courel.

Alto do Monteiro (1.142 m). Polo alto da aba sur discorre a estrada de Seceda a Folgoso e Seoane.



Castiñeiro centenario en Paderne.

## SERRA DO COUREL

As principais alturas son o Formigueiros con 1.643 m, o Pía Paxaro con 1.619 m e o Pico do Boi con 1.178 m.  
O relevo é abrupto con gornas profundas e pendentes fortes. Destaca polas súas formacións xeolóxicas (morrenas e lagoas glaciares, covas calcáricas, fervenzas...), pola súa riqueza biolóxica, histórica (castros, minas romas...) e etnográfica.  
A flora e a fauna do Courel son das máis completas e diversas de Galiza. Están representadas máis de 1.000 especies vexetais (case a metade do total galego, entre elas numerosas plantas únicas ou raras).  
A fauna é moi variada. Destacan 10 especies de morcegos, o leirón gris, o lobo, bufo real, charrela, falcón, águas e varias especies de bolboretas raras en Galiza.  
Forma parte de LIC "Ancares-Courel".  
Accedese desde Quiroga, O Incio ou Hospital.



Orquídeas (*Orchis italica*) nos cumes do Courel.



Ferrería de Seoane.



A Seara.



Acivro.

Pincheira de Vieiros, no río Selmo



*Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.*

*Críeme mouros das augas!  
monte do sol e a auga!  
Serras!*

*Terras solas ó sol e as nebras! (...)  
Uxío Novoneyra "Os Eidos".*

Vista da serra do Courel co monte Formigueiros, o cume máis alto, á esquerda.. Nas súas abas atópase a Devesa de Rogueira situada nun antigo circo glaciar orientado ao norte, unha das fragas máis extensas e con maior biodiversidade de Galiza.